



CONCELLO DE REDONDELA

## CESIÓN DE COMPOSTEIRO INDIVIDUAL DE EXTERIOR (COINEX) NO CONCELLO REDONDELA

### I. **OBXECTO DA CESIÓN. DEREITOS E OBRIGAS DAS PARTES**

O concello de Redondela cede aos usuarios en réxime de usufruto e a título grauíto, un composteiro individual de exterior (en adiante COINEX).

#### **A) OBRIGAS DOS USUARIOS**

**Primeira.-** A persoa solicitante comprométese a facer un uso responsable do COINEX e a destinalos única e exclusivamente a súa finalidade de tratamento dos seus residuos orgánicos.

**Segunda.-** Acepta calquera labor de supervisión destinada a comprobación do emprego dos materiais proporcionados, que será levada a cabo polos responsables designados polo concello. Dita supervisión poderá consistir en visitas aos lugares onde se sitúen os COINEX, a solicitude de achega de datos relevantes para constatar o uso adecuado dos materiais e de información con fins estatísticos e de control do nivel de residuos xerados e tratados no concello.

**Terceira.-** O beneficiario entregará o COINEX unha vez finalizada a cesión ben polo remate do prazo da cesión ou ben polo acaecemento dalgunha das condicións extintivas.

**Cuarta.-** O beneficiario non cederá a terceiros en ningún caso e por ningún título nin de forma onerosa nin grauíta os materias subministrados polo concello.

#### **B) OBRIGAS DO CONCELLO**

O concello comprométese a entregar o material descrito en perfectas condicións de uso e asume as tarefas de asesoramento e subministración de toda información necesaria para o correcto funcionamento e adecuado rendemento dos materias cedidos. En casos de deterioro ou danos ocasionados por motivos alleos ao usufrutuário, o concello repoñerá os materiais danados, tras as oportunas comprobacións e sempre que haxa reservas.

### II. **DURACIÓN DA CESIÓN E CAUSAS DE EXTINCIÓN**

A duración da cesión en réxime de usufruto do material será de doce (12) anos coincidente coa vida útil estimada dos materiais proporcionados polo concello. Rematado este período, de ser o caso, poderá ser prorrogada a cesión por mutuo acordo expreso das partes.

A cesión dos materiais de compostaxe extinguirase de xeito automático nos seguintes supostos:

1. Polo remate do prazo (12 anos).
2. Uso do COINEX e materiais auxiliares para fins distintos aos autorizados polo concello.
3. A cesión a terceiros do material a título grauíto ou oneroso.
4. A devolución voluntaria do material efectuada polo usufrutuário con anterioridade ao vencemento do prazo de duración da cesión.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: QASY7SA93GGEXAFSPY7JCAWZ9 | Corrección: <http://redondela.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

Do mesmo xeito, o concello poderá acordar a revogación da cesión cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

1. Uso inadecuado dos materiais con reiteración tras as advertencias do persoal responsable do control.
2. Abandono dos materiais e deixadez.
3. A non colaboración na subministración de información que o concello solicite e estime necesaria para as tarefas de control e de rexistro.
4. Calquera outra circunstancia que de forma motivada o concello estime que supón un incumprimento do presente acordo.

Documento asinado electronicamente

**Concello de Redondela**

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: QASY7SA93GEXAFSP7JCAWZ9 | Corrección: <http://redondela.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2